

Xaque ao Emérito 2026: o xadrez inclusivo consolídase en Xinzo de Limia

O pasado **sábado 27 de xuño**, a **Casa da Cultura de Xinzo de Limia** acolleu a terceira edición do **Torneo Xaque ao Emérito**, organizado conxuntamente polo **Club Académica Xadrez As Burgas** e a **Asociación ALGA**. O evento reafirmase como unha das iniciativas máis singulares do calendario, ao combinar a práctica deportiva coa inclusión social e a convivencia entre persoas de todas as idades e capacidades.

A xornada contou coa presenza da **concelleira de Deportes** e da **concelleira de Cultura do Concello de Xinzo de Limia**, que quixeron acompañar aos participantes e mostrar o apoio institucional a unha iniciativa que promove valores como a igualdade de oportunidades, a integración e a participación a través do xadrez.

Máis alá da competición, o torneo converteuse nun espazo de encontro no que xogadores federados, afeccionados e persoas con diversidade funcional compartiron taboleiro nun ambiente distendido e de respecto mutuo. Ese carácter inclusivo continúa sendo o sinal de identidade do **Xaque ao Emérito**, un torneo non válido para Elo no que o máis importante é desfrutar do xogo e favorecer a convivencia.




Ademais, esta edición supón tamén **un novo paso no crecemento do xadrez en Xinzo de Limia**. Grazas á colaboración entre o Club Académica Xadrez As Burgas, a Asociación ALGA e o Concello, esta iniciativa aspira a converterse no punto de partida para impulsar unha maior presenza do xadrez na vila, achegándoo á cidadanía mediante actividades abertas, formativas e inclusivas.

No apartado deportivo, **Armando de Sousa**, do Liceo, proclamouse campión da categoría absoluta con pleno de vitorias, seguido por **Luis Medarde** e **Tristán Alonso**. Na categoría Sub-18, **Pura Diéguez**, do Benchoshey, tamén asinou un pleno de puntos para facerse co primeiro posto, por diante de **Mateo Dibuja** e **Néstor Náñez**.




A entrega de premios puxo o broche final á xornada. Os trofeos, elaborados pola **Asociación ALGA**, foron entregados aos tres primeiros clasificados de cada categoría. Os campións recibiron tamén bonos-regalo e, como é habitual neste torneo, realizáronse diversos sorteos entre todos os participantes, reforzando o espírito participativo e festivo do evento.

Cadro de honra

Absoluta

-  Armando de Sousa
-  Luis Medarde
-  Tristán Alonso

Sub-18

-  Pura Diéguez
-  Mateo Dibuja
-  Néstor Náñez